CONVOCATORIA DE AXUDAS AO ESTUDO CURSO 2026-2027

A ***Fundación Santiago Apóstol de Ciencias Sociales***, entidade xurídica titular da Escola Universitaria de Traballo Social, co obxecto de dar cumprimento á vontade fundacional e con cargo ao seu orzamento, acordou convocar **12 axudas ao estudo para o curso académico 2026-2027**, destinadas a contribuír aos gastos do ensino e favorecer a igualdade de oportunidades, de acordo coas seguintes condicións:

- As axudas consisten na **exención do pagamento das dúas cotas de matrícula correspondentes ao segundo cuadrimestre do curso académico**, tanto para matrículas de curso completo como de carga lectiva inferior, sen que afecten, en ningún caso, aos prezos públicos que o estudantado deba aboar á universidade.
- Poderá solicitar a axuda o estudantado matriculado en 1.º, 2.º, 3.º e 4.º curso do Grao en Traballo **Social, así como no Curso Ponte**.
- O **impreso de solicitude** deberá descargarse na páxina web **www.euts.es**, ou recollerse no negociado do centro. Unha vez cuberta a solicitude, a/o interesada/o deberá entregala na Secretaría da EUTS acompañada de toda a documentación requirida antes da data de peche da convocatoria.
- As/Os solicitantes deberán cumprir os seguintes **requisitos**:

  Académicos:

  - Non ser licenciada/o, enxeñeira/o, enxeñeira/o técnico ou diplomada/o (salvo para estudantes do Curso Ponte).
  - Ter unha nota media no expediente académico igual ou superior a cinco puntos e non ter pendente de superar máis do 30 % dos créditos nos que a persoa solicitante estivese matriculada no curso anterior, cando corresponda.
  - As axudas non se aplicarán ás materias ou cursos que o estudantado repita. Tampouco poderán beneficiarse destas axudas as persoas que se matriculen nun número de créditos inferior ao 60 % da carga lectiva dun curso ordinario ou que teñan recoñecido ou validado o 40 % ou máis dos créditos do curso.
  - No caso do estudantado de novo ingreso (1º), terase en conta a nota de acceso á universidade.

  Económicos:

  - Non superar unha renda familiar neta dispoñible de 30.000,00 € para unidades familiares de tres membros ou menos. Por cada membro adicional, engadiranse 3.600,00 € no caso do cuarto e quinto membros, e 2.600,00 € por cada membro a partir do sexto. Para os efectos desta convocatoria, a renda familiar neta dispoñible calcularase sumando os ingresos de todos os membros da unidade familiar, unha vez descontados os gastos fiscalmente deducibles correspondentes. Do importe resultante restaranse as retencións e os pagamentos á conta do IRPF e sumarase, de ser o caso, o importe a devolver na declaración da renda ou restarase o importe a ingresar.
  - No caso de persoas autónomas, profesionais ou titulares de actividades empresariais, os ingresos totais anuais derivados da actividade non poderán superar os 150.000,00 €.

- **Criterios de valoración e adxudicación das axudas:**

  As solicitudes que cumpran os requisitos académicos e económicos establecidos valoraranse de acordo cos seguintes criterios:

Situación económica (60 %): valorarase a renda familiar neta dispoñible por membro da unidade familiar, calculada dividindo a renda familiar neta dispoñible entre o número de membros que a integran. A puntuación económica calcularase de maneira proporcional, tomando como referencia unha renda anual de 10.000 € por membro, de xeito que as rendas máis baixas obteñan unha maior puntuación.

A puntuación económica determinarase mediante a seguinte fórmula:

Puntuación económica = 10 × (1 − renda familiar neta dispoñible por membro/10.000)

A puntuación estará comprendida entre 0 e 10 puntos. As rendas per cápita anuais iguais ou inferiores a cero obterán 10 puntos, mentres que as iguais ou superiores a 10.000 € obterán 0 puntos.

Expediente académico (40 %): valorarase a nota media do expediente académico ou, no caso do estudantado de novo ingreso, a nota obtida trala fase xeral da PAU, nunha escala de 0 a 10 puntos (non se terá en conta a cualificación obtida na fase específica).

A puntuación final obterase sumando o 60 % da puntuación económica e o 40 % da puntuación académica.

As 12 axudas concederanse ás persoas solicitantes que obteñan as maiores puntuacións, ata completar o número de axudas convocadas.

- **Documentación que debe acompañarse á solicitude:**

  A solicitude deberá presentarse acompañada de toda a documentación que se relaciona a continuación. A falta de presentación de calquera dos documentos esixidos dentro do prazo establecido dará lugar á desestimación da solicitude, sen que se prevexa un prazo adicional para completar a documentación:

  - Fotocopia da folla de matrícula na Universidade.
  - Fotocopia do seu expediente académico actualizado, onde conste a nota media (estudantado que continua os estudos). No caso do estudantado de novo ingreso deberá presentar copia do documento onde conste a nota que lle deu acceso á universidade.
  - Fotocopia completa da ou das declaracións do Imposto sobre a Renda da unidade familiar na que figure incluída/o a/o solicitante, correspondente ao último exercicio, salvo que dita unidade, pola contía dos seus ingresos, estivese exenta de efectuala, situación que deberá xustificar oportunamente. Non obstante o anterior, no caso de estar exento debe achegar certificado de ingresos de cada un dos membros da unidade familiar.
  - En caso de separación ou divorcio é necesario acreditar o importe actualizado da pensión percibida do ano en curso ou, no seu defecto, documentar que non se percibiu.

- A Escola poderá solicitar ás persoas interesadas outros documentos ou información adicional.

- A resolución da convocatoria farase pública mediante a exposición da relación de persoas beneficiarias no taboleiro de anuncios da Escola.

DATA LÍMITE PARA A PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: ata o 30 de novembro de 2026

NOTA: As axudas concédense unicamente para un ano académico e teñen que ser novamente solicitadas se se desexa a súa renovación.